

A NOVA CASA

A casa está baleira, vai ser alugada ou mercada ou esborrallada. A filla sente unha dor no fondo do corazón e hai bágoas nos seus ollos. Esa casa xa lle quedaba pequena. Sabía que pasaría, pero non quería nin pensalo, a ela encantáballe vivir aí, pasara toda a súa infancia nela. Gustáballe a idea de ir a unha máis grande, pero é que alí tiña os seus amigos.

Pola mañá todos montaron no automóbil familiar e xuntos emprenderon a viaxe ata a nova vila. No camiño quedou durmida, soñou que estaba na antiga casa e cada vez as paredes íanse facendo máis pequenas. Chamaba aos seus pais pero ninguén contestaba. Estaba soa e moi asustada, non sabía que facer e cada vez tiña máis medo ao ver que a habitación na que estaba diminuíaa... Nese intre espertou sobresaltada. Aí entendeu que realmente necesitaban unha casa máis grande e máis cómoda...

María Bernárdez 1º C